

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

12622 *Real decreto 1003/2010, do 5 de agosto, polo que se regula a liquidación da prima equivalente ás instalacións de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía fotovoltaica en réxime especial.*

O réxime especial de produción de enerxía eléctrica, regulado nos artigos 27 e seguintes da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a súa retribución, cuxa disciplina se contén no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía, teñen por obxecto promover a produción de enerxía procedente de fontes renovables, entre elas a solar por medio da tecnoloxía fotovoltaica. Esta actividade de fomento realízase a través do establecemento de primas que constitúen unha axuda permitida e alentada pola Unión Europea, dada a importancia que se outorga a este tipo de produción.

O marco legal e regulamentario citado propiciou unha intensa actividade e o desenvolvemento do sector fotovoltaico en España nos últimos anos, que permitiron situar o noso país como primeiro mercado mundial durante o ano 2008, e que xerou múltiples beneficios económicos, sociais e ambientais.

Desde o 29 de setembro de 2008 esgotouse a posibilidade de acceso de novas instalacións ao réxime de primas previsto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

A data indicada foi fixada pola Resolución da Secretaría Xeral de Enerxía do 27 de setembro de 2007 como determinante do día final para a aplicación do réxime primado regulado polo citado real decreto. As instalacións inscritas nos correspondentes rexistros antes da dita data teñen dereito ao réxime de axudas correspondente, sempre que cumpran os requisitos habilitantes.

Como consecuencia da execución das inspeccións a instalacións fotovoltaicas realizadas polos organismos públicos, púxose de manifesto a existencia de determinados supostos de instalacións con anomalías graves.

Estas anomalías consisten, en particular, en que, pese a que pretenderon ser beneficiarias do réxime previsto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, e pese a que obtiveron a acta de posta en marcha, non tiñan instalados, o 29 de setembro de 2008, todos os paneis fotovoltaicos comprometidos no respectivo proxecto nin os equipamentos técnicos necesarios para o funcionamento normal da central, o que era condición necesaria para a aplicación das primas previstas no dito real decreto.

A situación detectada podería determinar, se for o caso, a aplicación do réxime sancionador, administrativo ou penal que corresponda, pero, en todo caso, determina o incumprimento dunha premisa básica en relación coa percepción da prima regulada.

Resulta claro que a disposición e instalación, na realidade física, antes do 29 de setembro de 2008, dos paneis comprometidos no proxecto de instalación é, cando menos, sen prexuízo doutros, requisito previo, necesario e indispensable da concesión da axuda, polo que, de non se cumprir, falta o presuposto básico habilitante dela. Cómpre, neste sentido, destacar que a inscrición da instalación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial, ben que necesaria, non é por si suficiente para a atribución do dereito ao réxime económico correspondente en ausencia do dito presuposto fáctico. Tal inscrición, en efecto, non ten eficacia constitutiva, senón meramente informativa e de publicidade, toda vez que o citado rexistro non é como declara o artigo 9 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, senón un mero instrumento para o

adecuado seguimento do réxime especial e, especificamente, para a xestión e control das tarifas reguladas, as primas e os complementos.

Este real decreto dítase para salvagardar o sentido e a finalidade das axudas. A actividade administrativa que se exerce por medio da regulación do réxime especial de que se trata é unha actividade de fomento similar á das axudas concedidas por medio de subvencións públicas, coa diferenza de que, neste caso, os fondos non proceden da Administración senón do que se percibe do consumidor eléctrico polo consumo de electricidade e uso de infraestruturas.

Así pois, este real decreto establece o procedemento para mellorar o proceso de acreditación das distintas instalacións fotovoltaicas á hora de ingresar nos distintos marcos retributivos que a lexislación vixente dispón para estas instalacións, dando así un paso máis na mellora da eficiencia do marco retributivo correspondente a cada instalación en función das súas características concretas.

Con isto non se pretende privar de eficacia as autorizacións administrativas autonómicas, xa que estas continúan habilitando o seu titular para poder producir e para cobrar o prezo de mercado que por tal produción corresponda.

Este real decreto sitúase nun nivel mínimo de control. As instalacións que non dispuxeron, en prazo, dos paneis comprometidos carecían en si mesmas, de antemán e de maneira notoria e indiscutible, de aptitude para producir a enerxía comprometida, polo que non poden desfrutar do especial réxime de primas. Non obstante, o establecido nesta disposición enténdese sen prexuízo da existencia de calquera outro requisito que a normativa estableza.

Ben que é certo que a situación que determina a publicación desta norma se produciu con relación a incumprimentos do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, referidos á potencia instalada en 29 de setembro de 2008, é claro que a existencia de disposición dos paneis é perfectamente aplicable ás instalacións que se poidan acoller ao réxime de primas aplicable segundo o Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

Este real decreto desprega os seus efectos en dous momentos distintos: primeiro, na xestión dos pagamentos e liquidacións da tarifa regulada que fai a Comisión Nacional de Enerxía e despois, no procedemento que se iniciaría no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a declaración de que unha instalación non cumpre os requisitos de aplicación do réxime económico primado correspondente e de que o dito réxime non lle é, por tanto, aplicable.

Na primeira fase pretendeuse facilitar ao máximo a tramitación por parte da Administración: a Comisión Nacional de Enerxía continuará o pagamento da prima en canto se practica a comprobación da disposición dos elementos necesarios para o funcionamento. Só se suspenderá o pagamento pola falta de acreditación en prazo da disposición dos elementos necesarios para a produción de enerxía eléctrica ou do cumprimento da obriga de vertedura da enerxía eléctrica nos termos previstos no artigo 8.1 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, cando proceda.

A segunda fase ante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio terá por obxecto a depuración xurídica dos datos do rexistro, a non aplicación do réxime pretendido e a perda doutros dereitos accesorios como pode ser a prioridade atribuída no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, en caso de que instalacións existentes non cumpran os requisitos necesarios para estar acollidas ao marco retributivo correspondente. Tales efectos non teñen natureza sancionadora e por isto débense entender acordados sen prexuízo das sancións que, se for o caso, poidan corresponder.

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira, número terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente. A este respecto cabe sinalar que, polo contido das súas disposicións, eminentemente minuciosas e detallistas no desenvolvemento dos

procedementos de supervisión para o acceso ás retribucións establecidas, a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento e encóntrase xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a liquidación da prima equivalente das instalacións fotovoltaicas acollidas ao Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e ao Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incorrer os seus titulares.

2. Para os efectos deste real decreto entenderase por prima equivalente da retribución das instalacións de réxime especial o definido na disposición adicional sétima 4 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación ás instalacións do grupo b.1.1 do artigo 2 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

Artigo 3. *Acreditación da instalación dos equipamentos necesarios.*

1. A acreditación da instalación dos equipamentos necesarios para a produción de enerxía eléctrica realizarase logo de requirimento da Comisión Nacional de Enerxía, mediante a proba da disposición e correcta instalación dos equipamentos necesarios para a actividade de produción de enerxía eléctrica pola totalidade da potencia da instalación, e entre eles, ao menos, os paneis fotovoltaicos, os inversores eléctricos e, cando a instalación dispoña deles, os seguidores.

A documentación presentada será comprobada pola Comisión Nacional de Enerxía para apreciar a súa suficiencia con relación ao feito que se pretende acreditar.

Sen prexuízo da documentación que en cada caso sexa bastante, a acreditación pretendida realizarase mediante a achega, entre outros, dos seguintes documentos:

a) Facturas de compra e albarás de entrega dos paneis fotovoltaicos, inversores e, se é o caso, do equipamento electromecánico dos seguidores, debidamente asinados polo responsable da empresa fabricante ou, se for o caso, subministradora, en que se exprese a data e o lugar da súa entrega. A dita documentación debe identificar univocamente os paneis concretos que foron instalados no parque.

En caso de que os equipamentos fosen importados, deberase achegar o documento único administrativo de alfándegas.

b) Certificado expedido por instalador autorizado, debidamente cuberto.

c) Certificado final de obra asinado polo director da obra.

d) Documento acreditativo da referencia catastral da parcela onde se localice a instalación.

Para os efectos do disposto nos parágrafos anteriores, poderase tomar en consideración a vertedura de enerxía á rede para a totalidade de potencia instalada.

2. O prazo para presentar esta xustificación é de dous meses contados desde o requirimento.

3. A remisión á Comisión Nacional de Enerxía da documentación a que fai referencia este artigo levarase a cabo, preferentemente, a través de medios telemáticos, por parte do titular da instalación ou do seu representante, sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Habílitate a Comisión Nacional de Enerxía para regular, mediante circular, o procedemento de remisión da documentación.

Artigo 4. *Instalacións requiridas.*

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas definirá as instalacións que serán requiridas para acreditar a instalación dos equipamentos necesarios nos termos previstos no artigo 3, a partir da aplicación de criterios aleatorios ou que garden relación coa data de inscrición definitiva ou coa cantidade ou data de vertedura de enerxía eléctrica. O requirimento da Comisión Nacional de Enerxía aos titulares das instalacións deberase efectuar no prazo de 45 días contados desde a comunicación do director xeral.

2. Non obstante o anterior, a Comisión Nacional de Enerxía poderá, adicionalmente, requirir a acreditación referida a calquera outra instalación inscrita no Rexistro Administrativo de Produtores en Réxime Especial que non fose indicada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 5. *Efectos da acreditación e falta de acreditación da disposición dos equipamentos necesarios.*

1. Para as instalacións acollidas ao réxime económico regulado no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, a acreditación en prazo, nos termos establecidos no artigo 3 desta disposición, da instalación dos equipamentos necesarios en data anterior ao 30 de setembro de 2008 determinará que o titular da instalación manteña o dereito ao cobramento da tarifa regulada desde o momento en que empezou a producir.

2. Para as instalacións acollidas ao réxime económico regulado no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, a acreditación en prazo, nos termos establecidos no artigo 3 desta disposición, da instalación dos equipamentos necesarios en data non posterior á data límite establecida nos números 1 e, se for o caso, 2 do artigo 8 do citado real decreto, determinará que o titular da instalación manteña o dereito ao cobramento da tarifa regulada desde o momento en que empezou a producir, sen prexuízo do previsto no artigo 8.1 do citado Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

3. A falta de acreditación en prazo da dita instalación, ou da obriga de comezar a vender enerxía eléctrica nos termos previstos no referido artigo 8.1 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, ou ben a constatación, mediante outros medios, de que a instalación non dispoñía dos equipamentos necesarios para a produción de enerxía eléctrica, obrigará a Comisión Nacional de Enerxía a suspender, con carácter cautelar, o pagamento da prima equivalente, excepto os complementos que puidesen corresponder, a expensas da resolución definitiva que deba recaer no procedemento regulado no artigo seguinte.

Sen prexuízo do anterior, o titular da instalación manterá o seu dereito a participar no mercado de produción.

Artigo 6. *Inaplicación do réxime económico.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía comunicará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a suspensión cautelar do pagamento da prima equivalente remitindo un informe xustificativo da falta ou insuficiencia da acreditación necesaria e, se for o caso, os documentos presentados polo titular. En todo caso, a citada comisión remitirá copia da comunicación e documentación anterior ao órgano competente para a autorización da instalación.

2. Á vista da documentación remitida conforme o número precedente, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas iniciará, de oficio, un procedemento que terá por obxecto a declaración de que a instalación non cumpre cos requisitos para a aplicación do réxime económico primado e que, en consecuencia, non lle é aplicable o dito réxime. Este procedemento, no que se dará audiencia ao interesado, concluirá por resolución en que, se se declarase a non aplicación do correspondente réxime económico, se disporá tamén o reintegro das cantidades indebidamente percibidas en concepto de prima equivalente, cos xuros de demora correspondentes, cantidades todas elas que serán incluídas como ingresos liquidables do sistema. Do mesmo modo acordarase, se for o caso, a perda da prioridade que lle puidese ter outorgado a inscrición definitiva ao abeiro do disposto no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

Se a resolución non declarase a non aplicación do réxime económico correspondente, alzará a suspensión do pagamento da prima equivalente acordada pola Comisión Nacional da Enerxía e reconstituirá o dereito ao aboamento das cantidades deixadas de percibir na súa virtude.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará a súa resolución ao órgano que autorizou a instalación.

4. Acordada na resolución a non aplicación do réxime económico primado, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas anotará no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial e inscribirá a instalación no Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada, ao cal fai referencia a disposición adicional segunda deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Renuncia ao réxime económico do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.*

1. Aquelas instalacións que, sendo inscritas con carácter definitivo no réxime especial por parte do órgano competente, estivesen acollidas ao réxime económico previsto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, poderán solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a renuncia ao citado réxime económico nun prazo máximo de dous meses contados desde a data de entrada en vigor deste real decreto.

2. A renuncia suporá a perda do dereito á prima ou tarifa regulada que se viñese percibindo conforme o Real decreto 661/2007, do 25 de maio, pero comportará a inclusión da instalación nas condicións do réxime económico da primeira convocatoria correspondente ás instalacións inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución regulado no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, e determinará a non aplicación do procedemento previsto neste real decreto.

3. O cambio de réxime será obxecto de anotación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial.

Disposición adicional segunda. *Creación da subsección denominada Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada.*

Para o adecuado seguimento das instalacións de réxime especial sen dereito a tarifa regulada, prima ou prima equivalente, establécese unha subsección da sección segunda do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica a que se refire o artigo 21.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A dita subsección será denominada, no sucesivo, Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada.

Disposición adicional terceira. *Participación no procedemento de preasignación regulado no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, das instalacións inscritas no Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada.*

1. As instalacións inscritas no Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada poderán participar no procedemento administrativo de preasignación de retribución regulado no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

2. Para estas instalacións, para os efectos da ordenación cronolóxica prevista no artigo 6.3 do citado Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, considerárase como data de ordenación a de inscrición da instalación no referido Rexistro de Réxime Especial sen Retribución Primada.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

Engádesse un parágrafo ao final do artigo 15 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas anotará no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial aquelas resolucións polas que declare, de conformidade co procedemento establecido na normativa reguladora da liquidación da prima equivalente, que unha instalación non cumpre cos requisitos para a aplicación do réxime económico primado.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico.*

Este real decreto, que ten carácter básico, dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 149.1.25ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN